

# 20 COUSAS

## QUE QUIZÁ NON SAIBAS SOBRE AS LINGUAS EUROPEAS



### O ASUBÍO GOMERO

da Gomera (España) é unha antiga linguaxe asubiada que aínda hoxe se ensina nas escolas locais.


### O MALTÉS

é a única lingua europea da familia afroasiática (que inclúe o árabe, o hebreo, o bereber e o hausa).

Snduego un edusto, non itompra en que odre etésn as lerats nuhna pralbaa; o úcino focatr que irtompa é que a peirimra e a úlímta lreta eeastn no luagr cotecrro. Itso désebe a que a mnete haumna non le cdaa lerta de meinara ividundial, seónn a pbralaa no seu coxunnto.

### O ÉUSKARO,

ou a lingua vasca, é considerada como unha das linguas europeas máis antigas. A súa orixe é descoñecida.



O ruso foi a primeira lingua falada no **ESPAZO EXTERIOR.**

**O LITUANO** é moi similar ao sánscrito antigo e é a lingua indoeuropea falada máis antiga.



Crese que fai uns **70.000 ANOS**

produciuse un cambio no cerebro humano que permitiu aos seres humanos desenvolver de súpeto unha linguaxe complexa e pensamentos sobre cousas que non son inmediatamente visibles. Isto deu lugar á capacidade de desenvolver ideas, plans, crenzas e conceptos máis amplos e poder expresalos coa linguaxe.



Máis da metade de Europa é **BILINGÜE.**

As linguas teñen unhas

**50.000**

palabras ou máis.

Polo xeral, os falantes nativos coñecen entre

**15.000 e 20.000**

familias de palabras, pero os falantes individuais adoitan utilizar só uns centos.

En Europa hai unhas

**225 LINGUAS INDÍXENAS,**

aproximadamente o 3% do total mundial.

αβγδε

Poida que saibas moito máis grego do que cres. Seguro que coñeces alfa, beta, delta, gamma e quizais π e P. De feito, as matemáticas, a astronomía, a bioloxía, a xeografía, a tecnoloxía, a filosofía, por non falar da política, a democracia e moitos outros termos comúns nas linguas europeas teñen a súa orixe no grego!


ř

### A MÁIS DIFÍCIL DE PRONUNCIAR?


Dise que a letra checa ř é unha das máis difíciles de pronunciar do mundo, agás se es checo!

### A CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS OU MINORITARIAS

do Consello de Europa é o único tratado do mundo cuxo obxectivo é protexer e promover as linguas tradicionais das minorías rexionais e nacionais.



As linguas maternas faladas pola maioría dos europeos son o ruso, o alemán, o francés, o inglés e o turco, por esta orde.



Unha das principais normas ortográficas do serbio é

### “ESCRIBIR COMO SE FALA E LER COMO SE ESCRIBE”.

Isto significa que mesmo os nomes propios que chegan ao serbio desde outro idioma transcríbense segundo a súa pronuncia: por exemplo, Nova York é Njujork, e Gérard Depardieu é Žerar Depardje.



Creáronse máis de

**200 IDIOMAS FALSOS**

para a literatura e o cine (como o élfico en “O Señor dos Aneis” e o klingon en “Star Trek”).

Estudos médicos recentes demostraron que a aprendizaxe dun segundo idioma **PODE** atrasar varios anos a aparición da **DEMENCIA.**

### AS LINGUAS INDO-XERMÁNICAS

derivan dunha antiga lingua que existiu fai 4000-5000 anos. A maioría dos etnólogos lingüistas sitúana con culturas humanas que vivían nalgún lugar da zona do mar Caspio. Desde alí estendeuse a Europa e ata a India.

Segundo a UNESCO, polo menos o

**43%**

das 6000 linguas que se calcula que se falan no mundo están **EN PERIGO.**

### KINSHASA,

capital da R. D. do Congo, é a segunda cidade francófona do mundo, despois de París e antes de Montreal e Bruxelas.



Día Europeo das Linguas  
**26 de setembro**

